

“Consensos básicos para o desenvolvemento”.

Fernando Varela Carid. Vocal del TGDC.

**Artículo publicado el domingo, 4 de octubre de 2009 en el suplemento
Mercados de “La Voz de Galicia”**

Os estudos modernos sobre o desenvolvemento sinalan que toda estratexia efectiva para lograr un nivel económico avanzado require de tres elementos fundamentais: un diagnóstico axeitado da realidade que se pretende transformar, identificando as restricións máis importantes ao crecemento; un conxunto de políticas públicas orientadas a eliminar esas restricións, entendendo que, en todo caso, as transformacións sociais constitúen unha tarefa para toda a sociedade e que tanto traballadores como empresarios deben asumir como propia a gran tarefa do desenvolvemento; e, por último, e moi importante, manter no tempo ese esforzo colectivo, sobre todo desde os poderes públicos, mediante a aplicación coherente e constante das políticas que favorecen o crecemento económico.

Os problemas principais non derivan do diagnóstico, pois hoxe en día é posible efectuar unha análise detallada, por un observador avisado, que determine cun grao suficiente de fiabilidade cáles son esas restricións cruciais da economía en cuestión, nin tampouco do deseño das políticas máis axeitadas, aínda que tamén é certo que moitas veces un diagnóstico erróneo é seguido de políticas igualmente erróneas, con consecuencias nefastas.

Na miña opinión, as dúas complicacións máis importantes para obter un nivel de desenvolvemento elevado son, primeiro, os atrancos políticos e sociais para aplicar a política deseñada, debido case sempre a existencia de fortes intereses creados, e, segundo, que as circunstancias económicas e sociais teñen unha natureza cambiante, pois o crecemento dos países vai creando novas dificultades e novas restricións que plantean novas demandas e retos para os responsables públicos. Por iso, resulta imprescindible efectuar un esforzo permanente de adaptación da política económica e, ao mesmo tempo, manter as grandes liñas da actuación favorecedora dun maior desenvolvemento.

Trátase, polo tanto, de actuar en dous niveis, por así dicir, por unha parte, recoñecer cales son as esixencias da nova fase da evolución económica, que na nosa actual circunstancia se complica co impacto

recesivo da crise, e actuar en consecuencia, e por outra, continuar aplicando coa mesma intensidade o esforzo público orientado ao crecemento.

Desde unha perspectiva xeral o mais adecuado é que, se ben as políticas de curto prazo, poden e deben variar, as diferentes forzas políticas e sociais converxan nun consenso fundamental que dé continuidade e maior eficiencia ao tratamento daquelas áreas que son esenciais para acadar un nivel de vida mais alto, axudando a crear e manter, dese modo, unha masa crítica suficiente en favor das políticas de longo alento.

Na miña opinión, en Galicia é mais necesario ca nunca lograr un consenso básico en varias áreas que teñen unha gran repercusión económica, entre elas, cando menos, a educación, a sanidade, a protección do medio ambiente e a ordenación do territorio, e tamén a introdución, de forma sistemática, do criterio de selección baseado no mérito, que resulta esencial para un bo funcionamento do mercado e das institucións.

En definitiva, unha estratexia de desenvolvemento acertada esixe un compromiso social, sobre todo dos poderes públicos, mantido no tempo, que evite saltos na política económica e que saiba recoñecer os cambios que compre introducir en cada momento para reorientar a estrutura produtiva e propiciar o paso a unha fase superior de crecemento.